



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CORRECCIÓN DE ERROS NO DECRETO DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22 DE DECEMBRO DE 2022.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O 20 de decembro do 2022 o señor Alcalde dita o Decreto nº 886/2022 polo que se convoca a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o día 22 de decembro do 2022.

Segundo. Por un erro na aplicación informática, a tres das propostas asignóuselle o número 17 da orde do día, o que implicou que dous dos tres asuntos non aparezan incluídos.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que o artigo 109.2. da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recolle que *“As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”*.

Segundo. Considerando as competencias atribuídas ao alcalde no artigo 21.1.c da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO:

Primeiro. Corrixir o erro cometido no Decreto do Alcalde número 886/2022, do 20 de decembro, de convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o 22 de decembro de 2022, de tal xeito que, *onde di:*

“Primeiro. Coa seguinte orde do día:

(...)

33. ROGOS E PREGUNTAS.”

Debe dicir:

“Primeiro. Coa seguinte orde do día:

(...)

33. TAXA POLA OCUPACIÓN DE POSTOS (CASETAS) NO MERCADO CUBERTO. BAUTISTA POTEL ESTÉVEZ.

34. DOTACIÓN ECONÓMICA AO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL PSdeG-PSOE DO 2022, XUSTIFICACIÓN 2 FINAL DO ANO 2022.

35. ROGOS E PREGUNTAS.”

Segundo. Dar traslado da presente resolución á Intervención Municipal e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.

- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Antonio Fernández Angueira